



COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DAS POLÍTICAS ACTIVAS

ASISTENTES:

Xunta de Galicia: Dirección xeral de formación e Dirección xeral de emprego.

CEG: Xosé Antonio.

UGT: Tomé.

S.N.de CC.OO. de Galicia: Eusebio Justo e Manuel Lago.

ORDE DO DÍA: seguimento e aplicación dos acordos.

Realízase en primeiro lugar un repaso das decisións adoptadas o día 5 de novembro de 1998 pola comisión de seguimento, constituída ese mesmo día, constatándose o seguinte.

- O grupo de traballo constituído para os efectos de elabora-las normas que darán orixe á constitución do Consello Galego de Formación Profesional, do Instituto das Cualificacións e do Comité autonómico de emprego e comités provinciais, rematou o seu traballo acadándose un acordo sobre o contido de cada unha das normas descritas; estas normas nestes momentos atópanse no proceso de informe previo do Consello Galego de Relacións Laborais.
- Acórdase que toda norma que se elabore, antes de ser remitida ós órganos correspondentes de participación institucional para o seu informe preceptivo, DEBERÁ SER NEGOCIADA PREVIAMENTE POLOS ASINANTES DOS ACORDOS DE XULLO.
- A continuación tratouse o informe provisional relativo ó impacto dos distintos programas de actuación pactados e constatouse que afectaron a 84.396 persoas (13.812 máis cás previstas nos acordos) cun financiamento orzamentario de 24.183 millóns de pesetas (382 máis cós acordados).
- Infórmase, por parte da Xunta de Galicia, que foron atendidas tódalas solicitudes presentadas nos distintos programas.





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FAMILIA E PROMOCIÓN
DO EMPREGO, MULLER E XUVENTUDE

**BENEFICIARIOS DOS PROGRAMAS DE FORMACIÓN E
ORIENTACIÓN EN 1998**

Alumnos Formación Ocupacional	26.137-
Beneficiarios Orientación laboral	25.716-
TOTAL	51.853-



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FAMILIA E PROMOCIÓN
DO EMPREGO, MULLER E XUVENTUDE

**ESCOLAS OBRADOIRO, CASAS DE OFICIO E UNIDADES DE
PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO - 1998**
(Datos provisionais)

	EE.OO/CC.OO	Nº DE ALUMNOS
EN FUNCIONAMENTO A 01-01-98	46	2.040
REMATADAS A 31-12-98	29	1.290
INICIADAS EN 1998	35	1.580
EN VIGOR A DATA 31-12-98	52	2.330

	U.P.D.	Nº TRABALLADORES
EN FUNCIONAMENTO A 01-01-98	0	0
REMATADAS A 31-12-98	0	0
INICIADAS EN 1998	3	24
EN VIGOR A DATA 31-12-98	3	24

PROGRAMAS DE FOMENTO DO EMPREGO: CONTRATACIÓN, AUTOEMPREGO E INICIATIVAS EMPRESARIAIS

CADRO COMPARATIVO: DATOS DEFINITIVOS 1997 - DATOS ESTIMATIVOS 1998

GALICIA				
PROCEDEMENTO	ANO 1997		ANO 1998	
	Nº EXPEDIENTES	Nº TRABALLADORES	Nº EXPEDIENTES	Nº TRABALLADORES
INICIATIVAS LOCAIS DE EMPREGO E PROXECTOS PILOTO DE ACCIÓN RURAL	22	89	26	168
ABONO COTAS A S.S.: PERCEPTORES PRESTACIÓN DE DESEMPREGO			656	231
PROMOCIÓN DE EMPREGO EN COOPERATIVAS E SS. LL.	323	478	585	917
PROMOCIÓN EMPREGO AUTÓNOMO	3.623	2.318	5.069	3.387
INTEGRACIÓN LABORAL DISCAPACITADOS	84	517	226	848
FOMENTO DA CONTRATACIÓN POR CONTA ALLEA	3.322	5.137	9.288	17.146
	7.374	8.539	15.850	22.697



CONSELLERÍA DE FAMILIA E PROMOCIÓN DO EMPREGO, MULLER E XUVENTUDE

Dirección Xeral de Formación e Colocación

Edificio Administrativo San Caetano - 15771 SANTIAGO DE COMPOSTELA


CONSELLERÍA DE FAMILIA E PROMOCIÓN DO EMPREGO, MULLER E XUVENTUDE

Decreto /1998, do 3 de setembro, polo que se crea o Comité Autonómico de Emprego, e os Comités Provinciais de Emprego e Seguimento da Contratación Laboral.

O Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado por Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece no artigo 29.1 que lle corresponde á Comunidade Autónoma galega a execución da lexislación do Estado en materia laboral, asumindo as facultades, competencias e servizos que nese ámbito, e no nivel de execución, ostenta actualmente o Estado, e no artigo 30.1.1) establece que lle corresponde, nos termos dispostos nos artigos 38, 131 e 149.1.11ª e 13ª da Constitución, a competencia exclusiva sobre o fomento e a planificación da actividade económica en Galicia.

O Real Decreto 1375/1997, do 29 de agosto, sobre traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia da xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego, no ámbito do traballo, o emprego e a formación confire á Comunidade Autónoma de Galicia a xestión do Servizo Público de Emprego dentro do seu ámbito territorial, tendo ademais a capacidade organizativa do mesmo conforme ó Estatuto de Autonomía de Galicia.

Os Servizos Públicos de Emprego seguindo o Convenio nº 88 da OIT e a lexislación española vixente deben contempla-la participación das organizacións sindicais e empresariais máis representativas, polo que é necesario crea-los órganos nos que ésta poida realizarse efectivamente.



XUNTA DE GALICIA

Os Acordos sobre medidas para o crecemento e o emprego en Galicia 1998-2001 do 13 de xullo de 1998 prevén tamén a participación das organizacións sindicais e empresariais máis representativas mediante a creación dun órgano de participación de ámbito autonómico e de carácter tripartito formado pola Xunta e as organizacións sindicais e empresariais que teñan o carácter de máis representativas, e coa finalidade de consensuar cos axentes sociais a planificación das políticas activas de emprego de acordo coas competencias da Comunidade Autónoma.

En cumprimento da normativa mencionada e demais disposicións de xeral aplicación,

DISPOÑO:

TÍTULO I.

Obxecto

Artigo 1º

- 1.- O Servicio Público de Emprego de Galicia integrado polo conxunto de funcións e servicios das políticas activas de emprego ten carácter público e gratuito para tódolos seus usuarios e garantirá a participación das organizacións sindicais e empresariais máis representativas.
- 2.- O obxecto do presente Decreto é a creación do Comité Autonómico de Emprego, así como dos Comités Provinciais de Emprego e Seguimento da Contratación Laboral nas catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia, que actuarán como órganos de participación institucional das organizacións sindicais e empresariais máis representativas.
- 3.- Estes órganos de participación estarán adscritos á Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude como órgano consultivo de participación institucional e de asesoramento en materia de emprego, de acordo coas disposicións deste Decreto.



XUNTA DE GALICIA

GOBIERNO DE GALICIA

TÍTULO II

Comité Autonómico de Empleo

Artigo 2º

As funcións do Comité Autonómico de Empleo serán as seguintes:

- 1.- Elabora-los criterios de actuación do Servicio Público Galego de Empleo.
- 2.- Participar e informa-la planificación das políticas activas de emprego, de acordo coas competencias da Comunidade Autónoma nesta materia.
- 3.- Informa-la memoria anual do Servicio Público Galego de Empleo.
- 4.- Analiza-la información relativa ó mercado de traballo, así como ós programas e actuacións do Servicio Público Galego de Empleo.
- 5.- Informa-la programación das distintas medidas das políticas activas de emprego cando a resolución sexa competencia dos Servicios Centrais da Consellería de Familia e Promoción do Empleo, Muller e Xuventude.
- 6.- As demais funcións que resulten propias da súa condición de órgano directivo, sen prexuízo das competencias da Xunta.

Artigo 3º

1.- A composición do Comité Autonómico de Seguimento do Empleo será a seguinte:

- Presidente: a conselleira de Familia e Promoción do Empleo, Muller e Xuventude, que poderá delegar nun dos vicepresidentes.
- Vicepresidentes: o director xeral de Formación e Colocación e o director xeral de Fomento do Empleo, podendo delegar ámbolos dous nun dos vocais representantes da Administración.



XUNTA DE GALICIA

- Vocais:

a) Dous representantes da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude propostos e designados pola conselleira.

b) Cinco representantes das organizacións empresariais que teñan o carácter de máis representativas en Galicia de conformidade coa lei, designados polo seus órganos competentes.

c) Cinco representantes das organizacións sindicais que teñan o carácter de máis representativas a nivel de Galicia de conformidade coa lei, designados polos órganos competentes desas organizacións.

d) Un representante do INEM con voz pero sen voto.

Exercerá como secretario do Comité Autonómico, sin voz e sin voto, un funcionario da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude que no caso de ausencia, vacante ou enfermidade será substituído polo funcionario que designe a conselleira.

Artigo 4º

1.- O Comité Autonómico reunirase trimestralmente ou cando o convoque o seu presidente, a iniciativa propia ou por solicitude da metade dos seus membros.

2.- O Comité Autonómico entenderase validamente constituído cando concorran os dous tercios, polo menos, dos seus componentes en primeira convocatoria ou a metade máis un dos seus membros en segunda.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FAMILIA E PROMOCIÓN DO EMPREGO,
MULLER E XUVENTUDE

TÍTULO III.

Comités Provinciais de Emprego e Seguimento da Contratación Laboral

Artigo 5º

Os Comités Provinciais adscribíense ás respectivas delegacións provinciais da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.

Artigo 6º

As funcións atribuídas a estes Comités Provinciais son as seguintes:

- 1.- Face-lo seguimento da aplicación, a nivel provincial, dos acordos do Comité Autonómico de Seguimento do Emprego.
- 2.- Proponer cantas medidas estime necesarias para o perfeccionamento dos acordos do Comité Autonómico no seu ámbito territorial.
- 3.- Informa-la programación das distintas medidas das políticas activas de emprego cando a resolución sexa competencia da Delegación Provincial da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.
- 4.- Formular por iniciativa propia propostas e recomendacións ós órganos que corresponda sobre a situación e desenvolvemento do emprego na provincia, a eficacia das normas e programas desenvolvidos.
- 5.- Recibir información de empresas, traballadores e representantes sindicais sobre a situación do emprego na provincia, canalizando hacia os órganos correspondentes aquelas consultas ou propostas recibidas e informando en todo caso, sobre o parecer do Comité.
- 6.- Recibir da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude informe sobre a evolución do emprego e a contratación laboral na provincia.



XUNTA DE GALICIA

GOBERNADOR

7.- Realiza-lo seguimento e análise do desenvolvemento de emprego e da contratación laboral na provincia, así como a súa adecuación ás necesidades do mercado de traballo nela.

Artigo 7º

Os Comités Provinciais terán a seguinte composición:

a) O delegado provincial da delegación da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, que será o seu presidente, poderá delegar nun dos vocais representantes da Administración.

b) Dez vocais repartidos do seguinte xeito:

- Dous representantes da Administración Autonómica, que serán designados polo delegado provincial da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, actuando un deles como secretario do Comité que, no caso de ausencia, vacante ou enfermidade será substituído polo funcionario que designe o delegado provincial.

- O director provincial do INEM.

- Un representante da Inspección de Traballo.

- Tres en representación das organizacións empresariais máis representativas na provincia.

- Tres en representación das organizacións sindicais máis representativas na provincia.

Artigo 8º

1.- Os Comités reuniranse mensualmente logo de convocatoria do seu presidente.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FAMILIA E PROMOCIÓN DO EMPREGO,
MULLER E XUVENTUDE

2.- Para a súa válida constitución requírase, en primeira convocatoria, a presenza do presidente e secretario do Comité ou, se é o caso, dos que os substitúan e da metade, polo menos, dos seus membros.

En segunda convocatoria requírase a do presidente e o secretario ou, se é o caso, dos que os substitúan e, polo menos, dous membros.

Disposicións adicionais

Primeira.- Os Comités Provinciais de Emprego e Seguimento da Contratación Laboral substituirán no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia ós antigos Comités Executivos Provinciais do Inem e os de Seguimento da Contratación Laboral.

Segunda.- Queda derogada a Orde do 1 de abril de 1993 pola que se crean os Comités Provinciais de Seguimento da Formación Ocupacional.

Disposicións derradeiras

Primeira.- Facúltase á conselleira de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude para dicta-los actos e normas que sexan necesarios para a aplicación e desenvolvemento do establecido neste decreto.

BORRADOR DE PROXECTO DE DECRETO DE REGULACION DO CONSELLO GALEGO DE FORMACION PROFESIONAL

Exposición de Motivos

En atención ó problema do desemprego na Comunidade Europea no Consello extraordinario de Luxemburgo acordáronse unha serie de medidas e liñas de actuación.

Para concreta-las medidas do Consello de Luxemburgo ó territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, a Xunta de Galicia, a Confederación de Empresarios de Galicia e os sindicatos Unión Xeral de Traballadores de Galicia e Comisións Obreiras de Galicia suscribiron os "Acordos sobre medidas para o crecemento e o emprego en Galicia".

Nestes Acordos considérase á formación profesional como unha actuación imprescindible para mellora-la ocupabilidade dos desempregados, e, neste senso, resaltan a necesidade de avanzar cara á progresiva integración e complementariedade coordinando os tres subsistemas da mesma (específica, ocupacional e continua), tal e como sinala o II Programa Nacional de Formación Profesional. Tamén se estima necesario axustar progresivamente a oferta formativa ás necesidades das empresas.

Para levar a cabo estas actuacións resaltouse nos citados Acordos a necesidade de crea-lo Consello Galego de Formación Profesional como órgano consultivo e de participación dos axentes sociais e económicos de ámbito galego co obxectivo de consensuar con eles a planificación das ensinanzas profesionais en Galicia e de asesoramento ó Consello da Xunta de Galicia en materia de Formación Profesional.

A creación deste consello levará consigo a desaparición do Consello Galego de Ensinanzas Técnico-Profesionais que será substituído polo órgano que agora se crea, e polo tanto a derogación do Decreto 223/1994, do 7 de xullo, polo que se regula o Consello Galego de Ensinanzas Técnico-Profesionais (DOG número 37 do 18 de xullo de 1994) e da normativa dictada para o seu desenvolvemento.

Consecuentemente con todo o anterior, por proposta do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, consultados o Consello Galego de Ensinanzas Técnico-Profesionais e o Consello Galego de Relacións Laborais e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día

DISPOÑO

Artigo primeiro: Creación

Créase o Consello Galego de Formación Profesional, adscrito á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, como órgano consultivo e de asesoramento do Consello da Xunta de Galicia en materia de formación profesional.

Artigo segundo: Competencias

As competencias do Consello Galego de Formación Profesional serán as seguintes:

a) Elaborar e propoñer ó Consello da Xunta para a súa aprobación os plans galegos de formación profesional, así como o desenvolvemento en Galicia dos plans nacionais nesta materia.

b) Informa-las programacións de accións de formación profesional efectuadas pola Comunidade Autónoma e propoñe-las modificacións que se consideren necesarias de cara a futuras programacións.

c) Informa-la oferta de formación profesional, tentando a adecuación da mesma ás necesidades do mundo productivo e ás maiores posibilidades de emprego.

d) Informar, dentro do ámbito competencial da Comunidade Autónoma, os proxectos de plans de estudos e títulos correspondentes ós diversos graos e especializacións de formación profesional, e as certificacións de profesionalidade en materia de formación profesional ocupacional e coñtinua, así coma os relativos á formación adquirida a través da experiencia laboral e, no seu caso, a súa homologación académica ou profesional cos correspondentes graos de formación profesional regrada, sen prexuízo das competencias Consello Escolar nesta materia.

e) Informar sobre calquera asunto que, sobre formación profesional, lle sexa sometido polas Administracións Públicas.

f) Emitir propostas e recomendacións ós distintos organismos con competencia dentro da Comunidade Autónoma en materia de Formación Profesional.

g) Propoñer accións para mellora-la orientación profesional.

h) Evaluar e face-lo seguemento das accións que se desenvolvan dentro da Comunidade Autónoma en materia de Formación Profesional.

i) Elaborará cada ano unha memoria que inclúa a do Instituto Galego das Cualificacións.

l).- Recibir con carácter anual unha memoria das actividades levadas a cabo por tódolas consellerías e organismos xestores en materia de formación profesional.

m) Emitir informe sobre os proxectos das disposicións normativas relacionadas coa formación profesional.

Artigo terceiro: Composición

3.1.- O Consello Galego de Formación Profesional estará composto por:

a) Un Presidente. Ostentarán a Presidencia alternativamente e por períodos anuais, os titulares das consellerías de Educación e Ordenación Universitaria e de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.

b) Un Vicepresidente, representante da Administración da Comunidade Autónoma, que será, o director xeral competente nas materias referidas no apartado anterior, por períodos anuais nos que non exerza a Presidencia o titular da súa consellería.

c) Sete Vocais a distribuír entre as distintas consellerías das restantes Administracións Públicas con competencias en materia de Formación Profesional.

d) Oito Vocais por parte das organizacións empresariais máis representativas na Comunidade Autónoma.

e) Oito Vocais por parte das organizacións sindicais máis representativas na Comunidade Autónoma.

3.2.- O Secretario Xeral do Consello, con voz pero sen voto, será o funcionario que designen conxuntamente as consellerías de Educación e Ordenación Universitaria e de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.

3.3.- O Consello adoptará os seus acordos por maioría, contando cun voto cada un dos seus vocais, e contando con voto de calidade, para desfacerlos empates que se poidan dar, o Presidente. Incorporaranse ós dictames os votos particulares.

3.4.- Os vocais do Consello poderán ser substituídos, en casos de ausencia ou enfermidade ou cando conorra calquera outra causa xustificada, mediante comunicación por escrito á Secretaría Xeral do Consello.

3.5.- A renovación do Consello producirase cada catro anos, tendo en conta as modificacións producidas na representatividade das organizacións empresariais e sindicais.

3.6.- Os membros do Consello Galego de Formación Profesional e os seus suplentes serán nomeados polo titular da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a proposta de cada un dos grupos ou consellerías que representan. O seu cese levarase a cabo deste mesmo xeito.

Disposición adicional

O Consello funcionará en pleno e en comisión permanente e elaborará a norma que regule o seu funcionamento, adaptado ó presente decreto, norma que será aprobada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O Consello Galego de Formación Profesional reunirase, con carácter preceptivo, alomenos unha vez ó ano e cando así o soliciten a metade dos seus membros.

O Presidente do Consello Galego de Formación Profesional convocará a súa sesión constitutiva no prazo de tres meses dende a publicación do presente Decreto.

Disposición derogatoria

Derrógase o Decreto 223/1994, do 7 de xullo, polo que se regula o Consello Galego de Ensinanzas Técnico-Profesionais e toda a normativa dictada para o seu desenvolvemento.

Disposición final

Este decreto entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

BORRADOR DE PROXECTO DE DECRETO DE REGULACION DO INSTITUTO GALEGO DAS CUALIFICACIONES

Exposición de Motivos

En atención ó problema do desemprego na Comunidade Europea no Consello extraordinario de Luxemburgo acordáronse unha serie de medidas e liñas de actuación.

Para concreta-las medidas do Consello de Luxemburgo ó territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, a Xunta de Galicia, a Confederación de Empresarios de Galicia e os sindicatos Unión Xeral de Traballadores de Galicia e Comisións Obreiras de Galicia suscribiron os "Acordos sobre medidas para o crecemento e o emprego en Galicia".

Nestes Acordos considérase á formación profesional como unha actuación imprescindible para mellora-la ocupabilidade dos desempregados, e, neste senso, resaltan a necesidade de avanzar cara á progresiva integración e complementariedade coordinando os tres subsistemas da mesma (específica, ocupacional e continua), tal e como sinala o II Programa Nacional de Formación Profesional. Tamén se estima necesario axustar progresivamente a oferta formativa ás necesidades das empresas.

En correspondencia co Instituto Nacional das Cualificacións, previsto no II Programa Nacional de Formación Profesional, e tendo en conta as competencias asumidas pola Comunidade Autónoma de Galicia nesta materia, nos citados acordos recóllese a necesidade de creación do Instituto Galego das Cualificacións como instrumento específico de carácter técnico para garantir a implantación efectiva do Sistema Nacional de Cualificacións na nosa Comunidade Autónoma.

Por outra banda, dende o pasado 1 de xaneiro de 1998 a Xunta de Galicia convertíuse en xestora do Servizo Público de Emprego en Galicia, adscribindose as súas funcións e programas á Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude segundo o Decreto 488/1997, do 26 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica desta última.

Consecuentemente con todo o anterior, por proposta da conselleira de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, consultados o Consello Galego de Ensinanzas Técnico-Profesionais e o Consello Galego de Relacións Laborais e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día

DISPOÑO

Artigo primeiro: Creación

1.- Créase o Instituto Galego das Cualificacións como instrumento específico de carácter técnico, adscrito á Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, para

o desenvolvemento das funcións que se sinalan na presente disposición.

2.- O Instituto executará, dentro das súas competencias, as liñas aprobadas polo Consello Galego de Formación Profesional. A estes efectos a Secretaría Xeral do Consello Galego de Formación Profesional será o enlace entre o Instituto e o Consello.

3.- Os presupostos anuais da Comunidade Autónoma recollerán financiación suficiente para o funcionamento do instituto.

Artigo segundo: Funcións

1.- Serán funcións do Instituto Galego das Cualificacións as seguintes:

- Velar polo establecemento e xestión en Galicia do Sistema Nacional das Cualificacións.
- Establecer unha metodoloxía capaz de identifica-las competencias profesionais, especialmente as específicas do tecido productivo de Galicia, desenvolvéndoas no seu caso con carácter experimental.
- Impulsa-lo estudio e implantación das novas profesións e dos novos xacementos de emprego, coa súa oportuna oferta formativa.
- Implantar no ámbito autonómico o sistema de acreditación e recoñecemento profesional previsto no II Programa Nacional de Formación Profesional.
- Establece-los criterios a observar na avaliación da competencia e no procedemento de concesión de acreditacións polas autoridades competentes no ámbito estatal.
- O Instituto realizará e poderá encomendar cantos informes e estudos sexan precisos de acordo coas liñas e prioridades establecidas polo Consello Galego de Formación Profesional, dentro das dotacións presupostarias que estean previstas.
- Analizar e propoñe-la modificación das acreditacións profesionais, titulacións e certificacións e das respectivas validacións ou correspondencias.

2.- Dentro da estrutura do Instituto Galego das Cualificacións ubicarase un observatorio que proporcionará información sobre a evolución da demanda e da oferta das profesións, ocupacións e, en xeral, do mercado de traballo.

Artigo terceiro: Estructura

1.- Á fronte do Instituto haberá un Director encargado da coordinación e do impulso dos traballos e actividades do mesmo.

Asemade, o Instituto contará co persoal e os medios técnicos necesarios para o cumprimento das súas funcións.

2.- O Director do Instituto será convocado ás reunións do Consello Galego de Formación Profesional no tocante ó Instituto Galego das Cualificacións.

3.- A Secretaría Xeral do Consello Galego de Formación Profesional dará traslado ó Director do Instituto Galego das Cualificacións dos criterios e prioridades que anualmente estableza o Consello.

4.- Son competencias do Director:

- Elaborar e presentar ó Consello Galego de Formación Profesional as propostas de plans de actividades e cometidos do Instituto.
- Presentar perante o Consello os informes que lle sexan requeridos ou que interesen para o correcto funcionamento do Instituto.
- Actuar en nome do Instituto perante as instancias e organismos relacionados coas funcións do mesmo.
- As demais funcións que lle sexan atribuídas.

5.- O Instituto poderá realizar e encomenda-los informes e estudos que sexan necesarios, dentro das dotacións orzamentarias previstas para o mesmo.

Artigo cuarto: Nomeamento e cese do Director

O nomeamento e cese do Director do Instituto Galego das Cualificacións, efectuarase por Decreto do Consello da Xunta de Galicia, a proposta conxunta da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, e previo informe preceptivo do Consello Galego de Formación Profesional.

Disposición Adicional

Os anteproxectos de presupostos do Instituto Galego das Cualificacións serán propostos conxuntamente polos titulares das consellerías de Educación e Ordenación Universitaria e de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, e tramitaranse despois do preceptivo informe do Consello Galego de Formación Profesional.

Disposición Final

Este decreto entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.



ALEGACIONES CONTRA O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULAN OS INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN LABORAL POR REORDENACIÓN DO TEMPO DE TRABAJO QUE IMPLIQUE CREACIÓN DE EMPREGO NETO EN GALICIA.

Primeiro.- Na Exposición de Motivos recóllense os criterios establecidos no Acordo sobre medidas para o crecemento e o emprego en Galicia, criterios que despois, á hora de desenvolve-lo Decreto, non son recollidos no seu artigo 3, onde se votan en falta a formación "permanente" e a interrupción da actividade profesional, suposto que a falta de inclusión no articulado do Decreto, parecen quedar fóra do ámbito do Decreto a aprobar, e que só son enumerados a título enunciativo na exposición de Motivos, pero sen posterior desenvolvemento.

Segundo.- Artigo 2.- Sostituí-lo parágrafo por: "As disposicións do presente Decreto serán de aplicación nos centros de traballo ubicados no ámbito territorial da Comunidade autónoma de Galicia –de calquera empresa, independentemente da súa forma xurídica-".

Terceiro.- Artigo 3.- Modificación do artigo 3º, que ademais, do dito no parágrafo anterior, deberá incluír que "Os incentivos que se regulen terán por finalidade fomenta-la contratación de carácter indefinido, a tempo completo e a tempo parcial e fixos discontinuos, de traballadores por conta allea derivada de acordos voluntarios suscritos pola empresa ou representación Patronal do sector e a representación legal dos traballadores a nivel de empresa ou sector. En defecto de acordo de empresa ou de sector, a parte empresarial poderá suscribir o acordo coas Centrais Sindicais asinantes no marco da Comisión de Seguimento".

Entendemos que tal modificación debe prosperar, toda vez que así se está garantizando a lexitimación ampla que constitucionalmente teñen recoñecidos os sindicatos con representación para que en beneficio dos traballadores poden chegar a un acordo favorable ós mesmos.

Cuarto.- Artigo 6.- Con respecto ó Artigo 6, establécese no mesmo que o procedemento para a concesión dos incentivos establecerase na correspondente Orden de convocatoria do Departamento competente en materia de fomento de emprego. Posto en relación co establecido na Disposición Final Primeiraa, entendemos que existe contradicción ou confusión competencial entre a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e a Consellería de Familia.

Artigo 6 apartado a) Deberá estar especificado previamente a aplicación presupostaria á que se imputa a subvención. Dado que se pretende é que este acordo sexa eficaz, tal aplicación deberá ser establecida con anterioridade. O que entendemos que ademais implica o compromiso por parte da administración que ó menos, durante os catro anos que dura o acordo, se manteña, ó menos, a aplicación presupostaria que está presupostada para este segundo ano de vixencia, recolléndose neste Decreto regulador que tal aplicación presupostaria se manterá ó menos na cuantía que á data actual designouse para o mesmo, durante os dous anos máis de vixencia do acordo, e pódese deixar a determinación posterior o aumento de tal partida presupostaria, para o suposto que puidera haber lugar a ela, e entón por tanto a aplicación presupostaria á que se vai imputa-la subvención, pero ó menos recolléndose expresamente a aplicación mínima hoxe garantizada.

Artigo 6 apartado b).- En canto ó obxecto, condicións e finalidade da concesión da subvención, entendemos que debe quedar concreta e claramente regulados no propio Decreto, posto que o obxectivo, condición e finalidades non poden ser outros que os derivados do acordo.

Artigo 6 apartado c).- En canto ós requisitos dos beneficiarios, estes non poden ser outros que as empresas que se acollan a tal modalidade de contratación reduciran previamente o número de horas extras e reorganiza-la xornada na liña de redución xeral da mesma, sen que se poidan acoller empresas que fixeran extinción de contratos nos doce meses anteriores declarados pola xurisdicción laboral como improcedentes ou por causas obxectivas do art. 52.c) do TRET, podendo só neste último caso solicitar subvencións sempre que represente mantemento do emprego.

Se a vontade do acordo é a redución da xornada e a contratación indefinida, tal actuación subvencionable deberá estar establecida expresamente. Tal e como se puxo de manifesto no Documento elaborado entendemos que ten que subvencionarse á empresa que realice contratacións que deriven dun pacto colectivo entre a empresa e os seus traballadores e traballadoras ou persoas sociais traballadores, no que se pronostique a redución da xornada de traballo, como mínimo, nun 5 por cento en relación á do ano anterior. Este mínimo terá que establecerse expresamente no Decreto en cuestión, toda vez que, ademais, é norma básica que terá que ser respetado en todo caso no pacto colectivo que se produza entre a empresa e os traballadores.

Asemade, para acceder á axuda prevista será ademais necesario que o número de horas que se contrate sexa equivalente, como mínimo, ó 75 por cento do tempo reducido, base do acordo asinado, e que as contratacións que se realicen constitúan creación neta de emprego con contratos indefinidos e a xornada completa en relación co ano anterior.

Artigo 6 apartado d).- Deberá xa establecerse expresamente, de acordo co elaborado por UGT-GALICIA e o S.N. de CC.OO., e recollido como

proposta no mesmo, que terán que aportarse os seguintes documentos e información coa solicitude:

1.- Copia do acordo entre empresarios e traballadores coa referencia explícita á creación de postos de traballo como consecuencia dos pactos, con indicación de tempos concretos da reordenación ou redución do tempo de traballo e eliminación ou redución das horas extraordinarias declaradas e cotizadas á Seguridade Social, e coa especificación do horario de traballo correspondente.

2.- Copia do contrato de traballo, formalizado por escrito e rexistrado na Oficina do Inem.

3.- Copia do D.N.I. e certificado ou tarxeta de demandante de emprego.

4.- Copia do documento de inscrición da empresa e do documento de afiliación e/ou de alta na Seguridade Social da persoa contratada.

5.- Declaración xurada da non de supostos de exclusión.

6.- Declaración xurada da existencia ou non doutras axudas ou subvencións para a materia, finalidade e obxecto procedente doutras Administracións Públicas.

7.- Certificación de que o beneficiario está ó corrente das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social e declaración expresa do beneficiario non ter contraído outras débedas por outro concepto coa Administración da Xunta de Galicia ou os seus organismos autónomos, se o importe da axuda é superior a un millón de pesetas.

Ademais, tal e como se reflexa na proposta efectuada por este sindicato, *"se a solicitude non comprende tódolos requisitos esixidos requirírase do interesado para que o término de 10 días hábiles subsane a solicitude ou presente a documentación preceptiva, coa advertencia de que, de non facelo, entenderíase dacordo co que establece o artigo 70.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, que desiste na súa solicitude e esta arquivarase sen máis trámite"*.

Entendemos que tales requisitos xa deben ser incorporados ó presente Decreto que desenvolva, como garante da seguridade xurídica, e ó obxecto de cumpli-los obxectivos que coa mencionada contratación se pretende co mencionado decreto.

- i) En canto á cuantía e modo de determinación da subvención e, no seu caso, posibilidade de conceder anticipos da mesma, entendemos que tal cuantía terá que estar determinada xa expresamente no mencionado Decreto, toda vez que, se o incentivo é contribuir á diminución do coste da cuota empresarial, tales cuantías deberán xa estar predeterminadas para os diversos supostos en este Real Decreto.

Tal artigo haberá que poñe-lo en relación co artigo 5º do que se precisaría unha maior concreción, e ademais que se determine expresamente a que contrato se vai aplica-la axuda. En todo caso, entendemos que haberá de aplicarse a subvención ó contrato suscrito, para garantir que no caso de extinción do contrato por parte do empresario se vexa obrigado a efectuar unha nova contratación en defecto da anterior ou á devolución das cuotas.

Artigo 6 apartado k) Dada a redacción do precepto, resulta sorprendentemente ambiguo e desde logo, non entendemos o que se pretende regular con tal parágrafo.


Quinto.- Artigo 7º.- En RELACIÓN CO ARTIGO 7 a comisión debe referenciarse ó acordo no seu punto 4, sendo por tanto unha Comisión específica do Anexo II, e non a mesa xeral dos acordos, e podería aproveitarse a ocasión para fixar un prazo máximo para a constitución da citada comisión, así como regula-los aspectos mínimos de funcionamento, respetando sempre o esbozo establecido no acordo.

Sexto.- Artigo 8º.- Aínda cando debe ser no Decreto onde se establezan as funcións desta comisión debería atribuírse á mesma funcións de control que se debuxan no acordo suscrito.

Séptimo.- Artigo 9º.- Entendemos que debería establecerse xa as consecuencias directamente e non as posibilidades; establecer no Decreto as consecuencias dos incumplimentos suporía elevar ó rango normativo da norma que ampara as posibles infraccións.


Octavo.- D.A. 1º.- Debería establecerse no propio Decreto a porcentaxe mínima de redución do tempo de traballo ou horas extraordinarias para acceder ás actuacións subvencionables así como a porcentaxe mínima de contratos afectados (5 por cento de redución de tempo de traballo, como mínimo, e 75 por cento do tempo reducido en creación de emprego).

Por Comisións Obreiras:



Asdo.- Xan Mª Castro

Por UGT-Galicia:



Asdo.- Xavier Carro

